

## A/A XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

### ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

**Asunto: Alegacións ao estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Albariño I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, na provincia de Pontevedra (IN661A 2007/1-4).**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Nº \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, concello de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

#### **EXPÓN:**

Á vista do Anuncio da Área de Industria en Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Albariño I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, na provincia de Pontevedra (IN661A 2007/1-4) expoño as seguintes alegacións.

#### **ALEGACIONES:**

- 1- A avaliación ambiental do parque eólico de Albariño I faise de acordo ao disposto nos art. 6, 7, 17 ao 48 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Neste senso, o Plan sectorial eólico de Galicia -ao que debe adaptarse esta actuación- non consta sometido ao citado procedemento de avaliación ambiental estratéxica atendendo ao previsto nos art. 31 ao 53 da anteriormente citada Lei 9/2021.** Este feito limita de facto a avaliación dos impactos asociados á implantación do proxecto parque eólico xa que ao non facerse un estudo de impacto ambiental estratéxico do plan marco encargado de coordinar os proxectos eólicos existen deficiencias manifestas na utilidade dos mecanismos de control ambiental.

Oia a, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_

- 2- O parque eólico de Albariño I estará interconectado cos parques eólicos previstos de Torroña I e Torroña dado que a liña de evacuación de enerxía será compartida polos 3 cara a futura subestación de Barrantes. Estamos, por tanto, ante unha fragmentación irregular dos parques no que atinxe á tramitación ambiental que impide que se poidan avaliar correctamente tódolos impactos acumulativos e sinérxicos en conxunto derivados da construción de todas esas infraestruturas eólicas o que deriva nunha información pública sesgada cara a cidadanía e outras administracións.**
- 3- Vulnérase a Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais dado que o diámetro x10 do aeroxerador AG02 (1490 m.) solápase cun aeroxerador do PE Torroña.**
- 4- A torre meteorolóxica permanente atópase proxectada nas inmediacións dunha zona de policía dun rego sen nome (ID do curso: 100379928), afluente do río da Groba, o que podería ser froito de afeccións á rede hidrolóxica na fase de obras.**
- 5- O estudo de impacto ambiental non cumpre as disposicións establecidas no “Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, por el que se regula a produción y gestión de los residuos de construcción y demolición” referidas á planificación sobre residuos de construción e demolición.**
- 6- Non se establecen de xeito correcto as vantaxes asociadas á posta en marcha do parque eólico. Na páxina 45 do Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) indícase que a principal vantaxe con respecto ó medio biótico será a proposición de medidas mitigadoras e correctoras para minimizar os impactos e a elaboración dun plan de vixilancia. Esta cuestión non pode ser considerada como una vantaxe para o medio biótico, posto que a construción do parque non vai xerar unha mellora da situación do medio biótico do entorno.**
- 7- Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a tódolos aspectos ambientais e sociais. Esta análise é de obrigado cumprimento segundo o artigo 35 da “Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental”**
- 8- Non se realiza un estudo comparativo eficaz da situación ambiental actual coa actuación derivada do proxecto obxecto de avaliación para cada alternativa, tal e como determina o apartado 3.e do Anexo VI da “Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental”.**

Oia a, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_

- 9- **A poligonal do parque eólico se atopa nunha zona catalogada como “Área de distribución potencial” da escribente das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), especie incluída dentro dun Plan de Recuperación en Galicia.**
- 10- **Débese reconsiderar o impacto que o parque eólico pode producir sobre os quirópteros, valorado como moderado no EsIA ya que o propio estudo de impacto do parque recolle a presenza, entre outros, do Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*), catalogado como vulnerable en el Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) y en el Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA).**
- 11- **Menosprézase o impacto visual e paisaxístico que o parque eólico Albariño I xera no seu entorno, especialmente no caso da Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) da Serra da Groba (código AEIP: AEIP\_06\_09).**
- 12- **O EsIA non valora correctamente o impacto acústico producido polo parque eólico no seu entorno, especialmente para o caso do gando. Isto débese a que soamente valoran o impacto acústico que o parque eólico xeraría aos núcleos de poboación que se encontran nas inmediacións. Non obstante, tamén se debe ter en conta a afección que pode existir nas parcelas de pasto dedicadas á alimentación do gando que se atopan en zonas externas a estes núcleos.**
- 13- **As infraestruturas do proxecto pasan polos seguintes montes veciñais: Bahiña, Belesar, Burgueira, Cereixo, Donas, Foral da Groba, Mougás, Viladesuso e Pedrada, Castillo e Queimado. Este feito supón unha clara interferencia no modo de vida dos veciños e veciñas que teñen no monte a súa fonte de ingresos. Neste senso debe dirimirse a prevalencia de usos sen que deba prevalecer o interese público sobre do comunal.**
- 14- **Non se analizan correctamente as afeccións que o parque eólico provoca no patrimonio histórico-artístico, patrimonio arqueolóxico e actividades recreativas. O inventario do patrimonio histórico-artístico do EsIA non está completo do EsIA ao detectarse a non inclusión de elementos catalogados pola Xunta de Galicia e que están dentro da poligonal do parque. Así mesmo, no que se refire ao catálogo de actividades recreativas, onde se inclúen de xeito primordial as rutas de sendeirismo, non se menciona a existencia da Rede de Itinerarios de Interese Paisaxística desenvolta pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**

Oia a, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_

- 15- **Precísase unha maior concreción e detalle no subapartado dedicado ás afeccións que a construción do parque eólico pode xerar na xeomorfoloxía do entorno.**
- 16- **Non se valora correctamente o impacto (moderado, segundo o EsIA) que se pode producir sobre o gando salvaxe na fase de construción e fase de funcionamento.**
- 17- **Non se analiza o impacto do parque eólico sobre as traídas de auga veciñais presentes na poligonal do parque eólico e que teñen afección directa sobre 170 veciños.**
- 18- **Menosprézase o impacto que a construción e modificación dos viarios de acceso pode provocar, sobre todo, na rede hidrolóxica xa que as obras e movementos de terras faranse sobre as cabeceiras dos ríos de Mougás e de Vila de Suso no concello de Oia, do río de Bahiña e o río da Groba en Baiona.**
- 19- **Non se analiza o impacto do parque eólico sobre a calidade das augas ao non estudarse a afección das obras do parque sobre as fontes e mananciais de auga presentes dentro da poligonal do parque eólico das que nin tan sequera se fai mención no EsIA. Estes elementos teñen un valor xeoestratéxico tanto para os veciños coma para o gando salvaxe presente na área de afección polo que resulta de vital importancia analizar as posibles afeccións sobre deles para garantir a mínima afección sobre dos mesmos.**
- 20- **A cunca visual indica unha afección visual significativa na contorna, incluíndo elementos coma espazos naturais protexidos e o camiño portugués costeiro. Estas afeccións poden derivar nun decrecemento de visitantes, especialmente á serra de Groba. En consecuencia, pode xerarse un determinado decrecemento económico no sector terciario. A este feito débese sumar o efecto sinérxico derivado da execución dos parques eólicos de Torroña I e Toroña que incrementaría de xeito alarmante a afección visual sobre da contorna.**

Oia a, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_